

SOBRE O PROXECTO DA NOVA LEI DE AVALIACIÓN AMBIENTAL

1. A CONSULTA PREVIA:

O SEU POTENCIAL VALOR *ESTRATÉXICO* EN CONTRASTE CO EXIGUO PRAZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E COA ESCASA DOCUMENTACIÓN APORTADA

Consideramos que a consulta previa podería ter un especial valor estratéxico para a participación cidadá, por dúas razóns:

- A experiencia mostra a reticencia das administracións a modificar un Anteprojecto de Lei.
- A achega de ideas e suxestións faise antes da redacción do Anteprojecto, e polo tanto, antes de que o equipo de redacción técnica e responsables polític@s debatan e fixen os criterios e os termos de redacción definitivos. Polo menos así debería ser.

Pero este valor estratéxico só é potencial, porque depende de tres condicións:

- Que o prazo de participación sexa o adecuado.
- Que a documentación achegada pola administración sexa adecuada.
- Que a consulta sexa atendida. É dicir: que equipo redactor e responsables polític@s estean dispost@s a valorar as propostas e admitir cambios de criterio ou asumir criterios novos.

Pois ben:

A extensión e a complexidade da Avaliación Ambiental require a consulta de documentación abundante: Os Tratados Europeos, as Directivas europeas, as Leis españolas, as Leis galegas e documentación internacional. E a consulta abrangue varios campos alén da Avaliación Ambiental: a ordenación do territorio, os usos do solo, o aproveitamento de recursos, as actividades, a protección da natureza, a preservación da biodiversidade, a crise climática...

- Para tal traballo a Xunta de Galicia outorga un prazo de **14 días naturais**, dende 17 (data de publicación na web) ao 31 de xaneiro. Son 14 días, porque o día da publicación é inoperativo, por falla de tempo, para calquera acción administrativa ou xudicial, e así o recoñecen as leis.
- Para tal traballo A Xunta de Galicia aporta un documento de 4,5 páxinas (reducibles a 3,5 cunha impresión normal e aínda máis se se eliminan reiteracións).

En conclusión:

- O prazo de participación é case inoperativo polo escaso. O prazo mínimo razoable había ser de cando menos dous meses.
- A documentación aportada non é digna da consulta. Cando menos, as razóns e os criterios da Consellería deberían estar claros e detallados, en lugar de tan só enunciados.
- Isto revela a infravaloración, senón un certo menosprezo, pola consulta e pola cidadanía consultada por parte da Consellería.
- En canto á receptividade do equipo redactor non a sabemos, polo que non é o momento de comentala. Só que a experiencia que temos noutros temas ata agora non é positiva.

2. OS MOTIVOS DECLARADOS POLA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PARA DISPOÑER DUNHA LEI DE AA DE GALICIA E OS MOTIVOS REAIS SUBXACENTES

Marco Normativo - Competencias

a) Constitución Española

Artículo 149.1. *El Estado tiene competencia exclusiva sobre las siguientes materias:*

23.ª *Legislación básica sobre protección del medio ambiente, sin perjuicio de las facultades de las Comunidades Autónomas de establecer normas adicionales de protección.*

b) Estatuto de Autonomía de Galicia

Artigo 27

No marco do presente Estatuto correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias:

30. Normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23ª da C.E.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMA) non cita as competencias recoñecidas pola Unión Europea aos Estados membros a través dos Tratados e das Directivas de AIA e AAE, nin as recoñecidas polo Estado Español ás Comunidades Autónomas a través da Lexislación de AA.

Marco Normativo - Avaliación Ambiental

- 1) A CMA cita as Directivas: 2011/92/UE, de Avaliación de Impacto Ambiental, e 2001/42/CE, de Avaliación Ambiental Estratéxica.
- 2) A CMA cita a Lei española: *Ley 21/2013, de Evaluación Ambiental (Estratéxica e de Impacto)*.
- 3) A CMA cita as Leis galegas:
 - Lei 1/1995 do 2 de xaneiro de Protección Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia
 - Lei 12/2011, do 26 decembro, de medidas fiscais e administrativas
 - Lei 9/2013, do 19 decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia
 - Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia

Problemas declarados pola CMA:

- Disparidade normativa.
- Ausencia dun procedemento propio de avaliación ambiental que permita simplificar os trámites e acortar os prazos.

Obxectivos

Todos os obxectivos característicos da AIA e a AAE descritos no Tratado de Funcionamento da UE, nas Directivas Europeas e na Lei española 21/2013.

Necesidades que esgrime a administración

- Simplificación administrativa; axilidade e eficacia.
- Refundir a regulación dispersa.
- Procedemento propio, máis áxil, que permita facer compatible a protección do medio ambiente e o desenvolvemento económico.
- Facer máis competitivas as empresas galegas pola vía da redución dos prazos dos procedementos ambientais como pola posibilidade da súa simplificación nos casos nos que sexa redundante.

Contexto e observacións da CMA

Modificacións normativas emprendidas pola CMAT cunha grande incidencia ambiental (solo, ordenación do territorio, patrimonio natural, paisaxe, residuos...).

Despois de desenvolver e actualizar toda esta normativa, é preciso actualizar unha norma transversal, a de AA, que afecta a grande parte da actividade económica de Galicia.

Solucións alternativas, segundo a CMA

CMA presente como alternativa o mantemento da Lei 1/1995: Pero iso sería transgredir a Lei española e as Directivas europeas. A Lei 1/1995 está obsoleta e non se utiliza. A solución alternativa é seguir utilizando a Lei española 21/2013.

REFUTACIÓN AO QUE ESGRIME A XUNTA DE GALICIA

1. *Non hai dispersión normativa.*
2. *Hai unha única Lei de AA aplicable: a española Lei 21/2013 (um2018)*
3. *E hai unha Lei galega, perigosísima polo seu efecto ambiental e social e pola súa inseguridade xurídica, que é a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de Fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia. Esta norma presenta graves irregularidades e evidencias de inconstitucionalidade, polo que ante a pasividade dos deputados no momento da súa aprobación, agora é obxecto de cuestións de inconstitucionalidade e da súa denuncia ante a Unión Europea. As razóns están expostas no anexo a estas suxestións.*

Os obxectivos reais subxacentes

A CMA fai unha mestura de obxectivos ambientais e económicos que se resumen na axilización e simplificación dos procedementos de elaboración e de control ambiental dos plans e proxectos, na redución dos prazos de exposición pública e de sometemento dos plans e proxectos aos informes sectoriais e ás alegacións, co obxectivo de facilitar a implantación de empresas e de darlle máis competitividade.

E a vía elixida é a redacción dunha Lei de Avaliación Ambiental que integre as determinacións sobre AA da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia. En realidade, trátase de elevar a Lei 5/2007 á categoría de Lei de Avaliación Ambiental

3. QUE DEBERÍA RECOLLER UNHA LEI DE AA DE GALICIA.

As competencias

- **Tratado de Funcionamento da Unión Europea. TÍTULO XX - MEDIO AMBIENTE. Artigo 193** (antigo artigo 176 TCE)

"Las medidas de protección adoptadas en virtud del artículo 192 no serán obstáculo para el mantenimiento y la adopción, por parte de cada Estado miembro, de medidas de mayor protección. Dichas medidas deberán ser compatibles con los Tratados y se notificarán a la Comisión".

- **Directiva 2011/92/UE, de Avaliación de Impacto Ambiental, modificada pola Directiva. 2014/52/UE**

"Resulta necesario que los principios de evaluación de las repercusiones sobre el medio ambiente estén armonizados en lo que se refiere principalmente a los proyectos que deberían someterse a una evaluación, así como las principales obligaciones de los promotores y el contenido de la evaluación. Los Estados miembros pueden establecer normas más estrictas para proteger el medio ambiente".

- **Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018 Preámbulo, Parte I, último parágrafo:**

"La presente ley se asienta en la competencia exclusiva del Estado en materia de legislación básica sobre protección del medio ambiente, sin perjuicio de las facultades de las comunidades autónomas de establecer normas adicionales de protección (artículo 149.1.23.ª da Constitución española)".

Disposición final oitava. Títulos competenciales.

"Esta ley, incluidos sus anexos, se dicta al amparo del artículo 149.1.23.ª de la Constitución, que atribuye al Estado la competencia exclusiva sobre la legislación básica de protección del medio ambiente, sin perjuicio de las facultades de las comunidades autónomas de establecer normas adicionales de protección".

Os aspectos da AA que deben desenvolver o Estado e as Comunidades Autónomas

Desenvolver os aspectos non básicos da Directiva e da Lei, respectivamente, para adaptar o procedemento da AA á estrutura e aos procedementos administrativos do Estado e da comunidade.

4.-EIVAS DOS ACTUAIS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN AMBIENTAL

Campos da avaliación ambiental que deberían formar parte das Directivas, da Lei estatal e dunha Lei galega correctamente deseñada, pero que non son considerados pola Xunta

- 1) Avaliación dos efectos ambientais das actividades humanas. Avaliación de efectos ambientais de actividades futuras (plans e proxectos). A Avaliación Ambiental como instrumento de redacción de plans e programas. Avaliación de efectos ambientais de actividades en funcionamento**

Actividades de inicio anterior a 1985 e plans aprobados antes de 2004.

Actividades de inicio posterior a 1985 e plans aprobados despois de 2004.

- (a) **Avaliación xerarquizada dos plans e proxectos xerarquizados.**
- (b) **Avaliación dos efectos ambientais conxuntos dos plans e proxectos concorrentes (independentemente da súa localización).**
- (c) **Avaliación dos efectos ambientais de actividades futuras ou actuais en ENP (independentemente da súa localización).**
- (d) **Avaliación Ambiental dos propios plans de xestión dos ENP.**

2) Avaliación do Estado Ambiental do territorio urbano e rural, medio mariño e augas continentais; espazos naturais; ecosistemas, biodiversidade; xea, paisaxe urbano, rural, natural e cultural; recursos naturais aproveitables en réxime de sustentabilidade - Convenio de Aarhus.

3) Información pública:

- **DIRECTIVA 2003/4/CE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información medioambiental**

3. "Sin perjuicio de cualquier obligación específica de informar derivada del Derecho comunitario, los Estados miembros adoptarán las medidas necesarias para asegurar la publicación, a intervalos regulares que no superarán los cuatro años, de informes nacionales y, según el caso, regionales o locales sobre el estado del medio ambiente; dichos informes incluirán datos sobre la calidad del medio ambiente y las presiones que éste sufra".

- **Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).**

Artigo 8. *"Informes sobre el estado del medio ambiente. Las Administraciones públicas elaborarán y publicarán, como mínimo, cada año un informe de coyuntura sobre el estado del medio ambiente y cada cuatro años un informe completo. Estos informes serán de ámbito nacional y autonómico y, en su caso, local e incluirán datos sobre la calidad del medio ambiente y las presiones que éste sufra, así como un sumario no técnico que sea comprensible para el público".*

Materias:

- **Ámbito:** País, bisbarras, concellos; rías, costa exterior; espazos naturais protexidos; espazos transversais: ríos, corredores ecolóxicos.
- **Estado dos valores ambientais fundamentais para a supervivencia biolóxica e para o benestar humano, do territorio e do medio mariño.**
- **O medio ambiente (medio mariño, medio rural, medio urbano, espazos naturais) e ao**

medio socioeconómico (aproveitamento racional e sustentable dos recursos naturais), ao ben común (o monte como propiedade comunal, como espazo natural e como recurso aproveitable en condicións de sustentabilidade) os espazos agrarios (preservalos da especulación urbanística e da súa explotación industrial) a soberanía alimentar e o autoabastecemento alimentar da sociedade galega.

4) A Avaliación Ambiental das propias Leis.

AA de Leis cuxas determinacións (e AA de actividades cuxos efectos) afectan a valores ambientais fundamentais para a supervivencia biolóxica e para o benestar humano, do territorio e do medio mariño. Coa finalidade da protección ao medio ambiente (medio mariño, medio rural, medio urbano, espazos naturais) e ao medio socioeconómico (aproveitamento racional e sustentable dos recursos naturais), ao ben común (o monte como propiedade comunal, como espazo natural e como recurso aproveitable en condicións de sustentabilidade) os espazos agrarios (preservalos da especulación urbanística e da súa explotación industrial) a soberanía alimentar e o autoabastecemento alimentar da sociedade galega.

5) A racionalización da aplicación da avaliación ambiental e doutros instrumentos de protección ambiental mediante a súa elaboración conxunta ou coordinada.

- COMISIÓN EUROPEA. Documento de orientación da Comisión sobre a racionalización das avaliacións ambientais efectuadas en virtude do artigo 2, apartado 3, da Directiva de avaliación de impacto ambiental (Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, modificada pola Directiva 2014/52/UE) (2016/C 273/01)
 1. Procedementos conxuntos e coordinados levados a cabo de conformidade co artigo 2, apartado 3, da Directiva EIA, na súa versión modificada
 2. Planificación dos procedementos racionalizados
 3. 3.1 Evaluación de impacto ambiental (EIA) e avaliación adecuada (EA)
 4. 3.2 EIA e outra lexislación da UE.

6) Os temas esquecidos nesta lei

- AA de actividades que poidan afectar aos espazos naturais protexidos: Avaliación Adecuada.
- AA de plans e proxectos concorrentes .
 - AA de plans que afectan a todo o territorio de Galicia con efectos moi intensos e moi graves: minería, explotación forestal madeireira, infraestruturas (sen plan xeral de estradas nin ferrocarrís nin portos nin aeroportos).
- Avaliación dos efectos ambientais de actividades en funcionamento.
- Auditoría de contaminación e seguridade ambiental (control de contaminación en funcionamento e en caso de accidente, incluídos accidentes maiores).
- A de estado ambiental (dende o punto de vista do medio) - Convenio de Aarhus.
- **Cambio Climático.** Mitigación dos efectos do Cambio Climático a través de programas, planos e proxectos, adaptación dos mesmos aos seus efectos e participación e gobernanza.

Dende o ano 2016 no que se presentou o informe de cambio climático de Galicia 2012-2015, a Xunta de Galicia non fixo practicamente nada no relativo ao estudo do cambio climático, redución de gases de efecto invernadoiro e mitigación dos efectos do cambio climático.

A magnitude do cambio climático para máis alá das próximas décadas dependerá principalmente da cantidade de gases de efecto invernadoiro emitidos globalmente. Sen grandes reducións desas emisións, o aumento da temperatura media anual global en relación á época pre-industrial podería chegar a 5°C ou mais a finais deste século. As retroalimentacións positivas (ciclos de auto-reforzo) dentro do sistema climático teñen o potencial de acelerar o cambio climático inducido pola actividade humana, e ata de cambiar o sistema climático da Terra, en parte ou na súa totalidade, en novos estados que son moi diferentes dos experimentados no pasado recente (por exemplo, os que teñen capas de xeo moi diminuídas ou diferentes patróns a gran escala da circulación da atmosfera ou os océanos).

Xa estamos a ver en todo o mundo, e tamén na Galicia, os demoledores efectos do cambio climático: secas, inundacións, incendios forestais, temporais extremos, subidas do nivel do mar, acidificación dos océanos, temperaturas extremas...

Moitos destes efectos xa foran constatados no informe que avaliou a situación climática en Galicia ata o 2015, mais lamentablemente a Xunta de Galicia non publicou novas análises destes 5 últimos anos. No informe publicado no 2016 (con datos ata o 2015) xa se constataban os aumentos na temperatura media na Galicia: *“A análise das anomalías permite apreciar un cambio de tendencia no ano 1989, pasando de anomalías negativas a positivas. É dicir, que a temperatura media pasa a ser superior ao valor climático respecto do período de referencia (1971-2000)”*. Tamén se sinala un aumento nas vagas de calor, e unha diminución dos días e noites fríos en todo o ano, apreciándose unha diminución do número de días con xeadas.

As proxeccións apuntan a unha tendencia a longo prazo de certa diminución da precipitación, sendo o verán a estación na que o déficit de choiva é máis acusado, o número máximo de días consecutivos sen precipitación ou con precipitacións inferiores a 1 mm aumenta, aumentando tamén o número de días sen precipitacións (períodos secos). Porén aumenta a porcentaxe de episodios de choiva extrema.

O informe do 2016 constataba cada vez máis frecuentes baixadas de presión atmosféricas de mais de 20 mb en 24 horas -cicloxéneses explosivas-, que son frecuentes en latitudes superiores á nosa, pero eran moi raras aquí.

Estes fenómenos meteorolóxicos, xa daquela, daban lugar danos materiais, problemas nas comunicacións, problemas nas zonas portuarias e actividade marítima, efectos sobre a poboación, efectos derivados directamente de inundacións e nos subministros.

Nestes cinco últimos anos, son incuestionables as evidencias científicas de que o cambio climático está a producirse moito máis rápido do que estaba previsto. O clima global continua a mudar rapidamente en comparación co ritmo das variacións naturais do clima que ocorreran ao longo da historia da Terra. As tendencias da temperatura media global, a elevación do nivel do mar, o contido de calor no océano, o derretemento do xeo terrestre, o xeo mariño ártico, a profundidade do desxeo estacional do permafrost e outras variábeis climáticas ofrecen evidencias consistentes do quecemento do planeta.

A frecuencia e intensidade do calor extremo e dos eventos de precipitacións intensas están aumentando na maioría das rexións do mundo, e os seus efectos son maiores dos

inicialmente previstos por diversas circunstancias:

- Por exemplo, a diminución na superficie do albedo polar, está facendo que a temperatura do mar estea subindo por riba do previsto debido a unha maior absorción da radiación solar.
- A paisaxe ártica almacena unha das maiores reservas naturais de carbono orgánico do mundo nos seus solos conxelados. Mais unha vez desconxelados, os microbios do solo no permafrost poden transformar ese carbono en dióxido de carbono e metano, que despois entran na atmosfera e contribúente para o quecemento clima. Este efecto tampouco fora tido en conta no seu momento.
- A acidificación dos océanos polo cambio climático está diminuindo a concentración de plancto, que ao ter un rol fundamental no ciclo do carbono, está alimentando cambios climáticos máis rápidos.

É practicamente seguro que a frecuencia e a intensidade dos eventos de temperaturas extremas elevadas aumentarán no futuro, a medida que a temperatura global aumente. Os eventos de precipitacións extremas continuarán moi probabelmente a aumentar en frecuencia e intensidade. Hai un amplo consenso na comunidade científica que indica que tratar de limitar o aumento da temperatura a 2°C podería non ser suficiente para evitar consecuencias globais catastróficas.

As mudanzas ambientais derivadas do cambio climático están a desencadear unha extinción masiva de especies animais e vexetais que poderían mesmo conducir a extinción do ser humano.

Probablemente toda esta información xa sexa ben coñecida polo funcionariado da Xunta de Galicia, e polo propio goberno, xa que está dispoñible en centos de estudos científicos; pero lamentablemente, nin a ten en conta nin aplica ningunha estratexia paliativa.

En estas circunstancias de EMERXENCIA CLIMÁTICA GLOBAL a Xunta pretende promover unha lei de avaliación ambiental co ridículo obxectivo prioritario de que “*permita simplificar os seus trámites e acortar os prazos*”. Lamentablemente na regulamentación ambiental galega xa están aplicándose os prazos máis curtos que se poden aplicar de acordo cos tratados internacionais, directivas comunitarias e lexislación estatal básica. Estes tempos, como se ten visto, son totalmente insuficientes para calquera avaliación seria dos mesmos, e impiden a preceptiva participación pública en materia ambiental.

4) SUXESTIÓNS

1. O goberno galego o que debería é promover unha lei de avaliación ambiental que garanta que calquera novo proxecto, plano ou programa que se vaia implantar na Galicia:
 - a) conte cun balance neto de emisións de gases de efecto estufa cero ou negativo e que conduza de xeito efectivo á mitigación do cambio climático;
 - b) se asegure que se adapta as previsibles mudanzas ambientais producidas polo cambio climático e quede protexido dos seus efectos;
 - c) garanta a participación efectiva das comunidades, así como a gobernanza e transparencia;
 - d) garanta que os planos, programas e proxectos contén cun seguro e cunha garantía financeira suficientes para afrontar a restauración de calquera dano ao ambiente, especialmente no concernente ao Cambio Climático.

2. De acordo ao principio de participación efectiva proposto na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 os prazos sexan ampliados, dótese aos distintos organismos que teñan que informalos de persoal técnico suficiente e capaz para avalialos dende un punto de vista ambiental e para protexer o territorio e que se permita unha participación pública da cidadanía (especialmente das persoas afectadas), de xeito que poidan contar con :
 - a) Toda a información necesaria para estudar os proxectos, planos e programas dispoñible tanto por medios electrónicos como fisicamente en cada un dos concellos afectados.
 - b) Os informes sectoriais emitidos polos distintos organismos concernidos.
 - c) Tempo suficiente para coñecelos, estudalos, comprendelos e para participar neles.
 - d) Persoal técnico especializado que poida asesorar e explicar os proxectos ás persoas afectadas, e que en caso necesario poda axudar á redacción das súas suxestións ou alegacións.

5) O OBXECTIVO REAL QUE SUBXACE DETRÁS DESTE PROXECTO:

Segundo o Goberno galego o obxectivo do novo texto lexislativo será "*simplificar e axilizar*" os procedementos de avaliación ambiental para "*favorecer o desenvolvemento económico*". Di que Galicia carece de normativa propia en materia de avaliación ambiental de plans, programas e proxectos, pero en realidade o que hai detrás é unha continuidade da Lei de Fomento e e implantación de iniciativas empresariais, xa que con esta nova Lei de avaliación ambiental afondan máis en reducir a participación tanto da cidadanía como doutros organismos, concellos, asociacións ecoloxistas, etc., xa que poderán decidir con total impunidade se é pertinente consultar á cidadanía ou non.

Detrás desta nova lei o que está é o interese de **limitar, modificar e reinterpretar os requirimentos da lexislación europea e estatal** en materia de avaliación ambiental. Con esta nova lei vólvense reducir prazos e acábase coa protección do medio natural. Os procedementos quedan reducidos a un único informe da Dirección Xeral competente en cada caso e será esta Dirección Xeral (interesada en que o proxecto vaia para adiante) a que decida se hai ou non algunha afección que faga necesario tramitar un procedemento de avaliación ambiental. O fondo do asunto non é outro que eximir do trámite ambiental proxectos que están obrigados tanto pola UE como pola lei estatal.

Co cambio da figura dos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal da lei de 1995 polos proxectos de interese autonómico, agóchase o intento de facilitarlles os trámites aos lobbies empresariais en prexuízo do territorio e das xentes que o habitan. Tamén se pretende conseguir máis dependencia do industrialismo e menos protección para os sectores primarios tradicionais, máis precariedade laboral e menor respecto polo patrimonio natural.

Hai anos que desde o goberno se vén deturpando e mudando a lexislación coa desculpa de progreso e postos de traballo. É a escusa perfecta para destruír o territorio, pero os postos de traballo non chegan. O nivel de paro e de envellecemento da poboación vai en aumento, ao mesmo tempo que aumenta a permisividade lexislativa na destrución do medio natural. Sempre se usa o mesmo argumento, como xa se fixo coa Lei de fomento de iniciativas empresariais, e agora coa Lei de avaliación ambiental; aínda que ese discurso xa non resulta crible, porque a realidade é todo o contrario. Os únicos favorecidos son os intereses económicos dos lobbies industriais pero nunca os

intereses do pobo. Encontrámonos con outra deturpación máis da lexislación en prol do interese e lucro dunha minoría. Coma sempre fai o Partido Popular, deixa todo atado e ben atado para que no caso de non seguir no goberno e non poder seguir apoiando a quen lle enchen os petos, os seus intereses e os dos seus “compañeiros na riqueza rápida e a destrución igual de rápida” non se vexan afectados.

Os estudos de impacto ambiental son un procedemento que emana do artigo 45 da Constitución española, que recolle o **dereito a un medio ambiente san e o deber das administracións a preservalo**. Con este proxecto de nova lei túbbase calquera posibilidade de control sobre as empresas e os proxectos que queiran desenvolver. Para a administración, a avaliación ambiental víase como un mero trámite que tiñan que pasar porque a lei os obrigaba, e para non realizar esta obriga legal o que fan é desfacerse dela tamén mediante normativa. Esta administración, en lugar de garantir o respecto á lei, o cumprimento dos prazos, a participación pública e o máximo rigor na defensa dos intereses xerais, o que fai é destruír o pouco control que quedaba. Este proxecto de lei é un bo exemplo de favorecer un desenvolvemento (pero dunha minoría a conta de toda a cidadanía) e de rebaixar e destruír calquera posibilidade de protección do entorno. Con leis deste calibre, a cidadanía ve claramente para quen se goberna e a quen se desprotexe.

6) CONCLUSIÓNS:

Verdegaia rexeita con contundencia non só este borrador de proxecto de lei, senón este goberno que, mudanza lexislativa tras mudanza lexislativa, está arrasando (en toda a extensión da palabra) con calquera posibilidade de futuro digno e de terra viva para todas.